

MAINER BAQUÉ, J. (2009), *La forja de un campo profesional. Pedagogía y didáctica de las Ciencias Sociales en España (1900-1970)*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid, 927 pp., Madrid, e, MAINER BAQUÉ, J. (2009), *Inventores de sueños. Diccionario bioprofesional de pedagogos y didáctas de Geografía e Historia hacia 1936*, Institución Fernando el Católico (CSIC), Zaragoza.

Os currículos, todos os currículos, son artefactos humanos, construcións culturais, científicas e sociais, que son tamén exercicios de poder e de lexitimación, como nos ensinaron a ollar Max Weber e os neo.weberianos. Alén de calquera pretendida “neutralidade” e asepsia científica e académica (positivista e funcionalista?, en particular), e máis alá da “cegueira” que burdamente se propón desde o paradigma científico tecnocrático, hoxe comecemos a ser conscientes non só de canto hai de construción socio-histórica en cada un dos currículos, dos seus sentidos e significados, das “apropiacións” culturais e didácticas que neles se refrean, senon tamén de que a súa conformación ten claves primixenias (un “código disciplinar”, na conceptualización tan querida ao proxecto Nebraska, unha das expresións do grupo de estudos Fedicaria, onde se encadra o relevante autor destes dous textos que aquí se comentan), e é, ademais, manifestación efectiva da constitución, do peso e da presenza dun dado “campo profesional”, no senso dado por Bourdieu. E como campo profesional son os currículos indicios de prácticas académicas (isto é, prácticas sociais), como se dixo, que son exercicios de poder e de lexitimación cultural, e por tanto un ámbito

de posible conflictividade interna-externa entre os que participan na súa construción histórico-social e os seus contextos, establecéndose interrelacións dinámicas e dialécticas en varias direccións.

Lonxe de asepsias, pois. Estamos abrindo en toda a historiografía educativa internacional esta tan necesaria agra de investigación e estudos. Necesaria para un máis adecuado coñecemento e comprensión das razóns, claves, sentidos e significados dos problemas que na actualidade nos presentan as tomas de decisión curriculares, con súa elaboración de arquitecturas que implican priorizacións, seleccións, sinalamento de pesos, eliminacións, reducións, ou reorganización de contidos, asignaturas, e áreas. En todo isto hai razóns e fundamentos sociolóxicos, políticos, económicos, de carácter científico, de carácter pedagóxico (en relación cos modelos de formación do profesorado, cos modelos de aprendizaxe, coas innovacións e os recursos metodolóxicos), e outros vinculados ás propias corporacións profesionais (constitución, esenvolvemento, manifestacións da súa presenza). Todo un complexo de elementos de oportuno coñecemento moi en particular por parte do profesorado en exercicio e tamén de aqueles profesores noveles ou en formación que, con ausencia de conciencia crítica, están a miúdo máis predispostos a facer do seu oficio un oficio “artesanal” (aprendido en longos anos de estudo como discentes) provistos de “supostos libros de operación”, como se se tratase de guías-ikea.

A adecuada profesionalidade docente precisa de saberes e competencias críticas, de destrezas analíticas afinadas, co que promover a figura do profesor

reflexivo e investigador, consciente dos porques, dos modos de articulación, e das posibilidades de configuración dos saberes didácticos que constitúan o cerne da súa profesionalidade. Isto esixe levantar os veos das realidades e das configuracións curriculares aparentes e máis externas; desentrañar as interioridades, podendo dispoñer de conceptos analíticos e interpretativos que, amodo de caixa de ferramentas, poden empregar a fin de re-construír enfoques e prácticas con autonomía e como exercicio crítico adecuado e situacional patra o focio docente.

Juan Mainer, con admirable equipamento intelectual crítico, aborda esta ruta de estudo no campo das ciencias sociais e a súa didáctica. “A forxa dun campo profesional”: indaga a socioxénese en España da didáctica das ciencias sociais, a través dos textos, contextos e axentes que, entre 1900 e 1970, o foron dotando de vida e significados. Di el mesmo, “desentrañar a forxa, algo así como o xenoma ou matriz práctico-discursiva, dunha profesión, desde unha ollada profundamente xenealóxica”. Constata a actual e tortuosa derrota dos “expertos” neste campo didáctico, que une aos procesos avanzados de actual desprofesionalización dos corpos docentes (como outros ensaístas veñen poñendo de relevo), progresivamente relegados da reflexión e da produción pedagóxica e didáctica, nuha dirección contradictoria con recorridos históricos previos.

Tres grandes apartados estruturan esta “forxa”: a invención dunha “tradicón” (discursos, suxeitos e prácticas na didáctica das cc. Sociais entre 1900 e 1939), a embrioloxía deste campo profesional, e a etapa preconstituínte deste campo (entre 1939 e 1970). Apartados que son

desgranados nos seguintes capítulos: as axencias produtoras de discurso, as tradicións discursivas observadas a través dos seus textos “visibles e performativos” (textos de fundamentación teórica xeral, textos declarativos desta didáctica, e libros de texto, como ortopedia do coñecemento desexable), as primeiras tentativas de institucionalización dun campo profesional, a didáctica histórico-xeográfica como saber-poder emerxente durante a IIª República, o remozamento dun modelo de profesionalización docente logo da Guerra Civil, a reinvención discursiva da didáctica das ciencias sociais, e o campo profesional durante a chamada “transición curta” (1960-1970).

Case mil páxinas de minuciosos textos, presididos de continuo pola ollada crítica, hermenéutica e interpretativa do autor para ofrecernos unha precisa luz sobre a configuración, alcances e variabilidade histórica da didáctica das ciencias sociais en España; unha historia profundamente dialéctica, de autores, axencias e prácticas, para a consciencia necesaria no noso presente.

De algún modo complementario, a obra *Inventores de sueños. Diccionario bioprofesional...compón* unha moi interesante galería sobre unha xeneración de docentes e pedagogos que sobre todo durante os anos vinte-trinta contribuíron a forxa e divulgación dunha (aínda recente) “tradicón discursiva” sobre o ensino escolar da historia e a xeografía, facéndoo desde un otorgado valor valor(e inxénuo) taumatúrxico concedido á escola (endalí, o título *Inventores de sueños*), por ter apostado por situar a razón pedagóxica-escolar no punto de mira de todos os discursos emancipatorios e de todas as re-

formas sociais por vir: profesores normalistas, inspectores, catedráticos, mestres de escola primaria,...ata un total de 120 bio-bibliografías de constante interese, observadas desde criterios historiográficos como os sinalados para o caso do libro *A forxa dun campo profesional*.

Estamos antes textos que, en gran medida, marcan un antes e un despois no estudo da historia do currículo entre nós, dado o seu rigor historiográfico e a calidade das súas aportacións.

Antón Costa Rico

DE GABRIEL, N. (2010), *Elisa y Marcela. Más allá de los hombres*, Barcelona, Editorial Libros del Silencio, 477 pp.

Es bien sabido que el magisterio fue un colectivo controlado por la iglesia y por los caciques de cada época, y que las maestras estuvieron sometidas a la estricta vigilancia de la sociedad. Gran parte de los expedientes incoados a maestras estaban relacionados con su vida privada, con sus comportamientos extraescolares y no con cuestiones estrictamente derivados de su trabajo en las aulas. La vida de las maestras, sobre todo en los pequeños núcleos rurales como en los que trabajaron Elisa y Marcela, se reducía a la escuela y la iglesia. En este contexto de falta de horizontes, dos maestras reunieron el valor suficiente para enfrentarse a la sociedad y procuraron, por encima de cualquier otra cosa, su felicidad. Por eso se casaron –sirviéndose de mil argucias, mintiendo como mienten los enamorados– en la parroquia de San Jorge de Coruña el 8 de junio de 1901. Aquel fue, como se calificó en la prensa, un matrimonio sin hombre.

Marcela y Elisa hicieron cuanto estuvo es su mano para amarse. Por estar juntas renunciaron a su trabajo, a su familia, al país en el que habían vivido, se enfrentaron a burlas, censuras, insultos y acusaciones injustas. El malditismo de estas maestras fue una creación de los medios de comunicación de la época, tal y como demuestra Narciso de Gabriel en su búsqueda de datos sobre este episodio en las páginas de la prensa gallega, en la prensa de Madrid, de Portugal o de Buenos Aires. Los periódicos buscaban el sensacionalismo, publicitando los aspectos más escabrosos de la imagen de estas dos mujeres que decidieron amarse a costa del dolor, del desprecio, de la burla y de la condena pública. Y esta persecución mediática fue rentable. La revista *Nuevo Mundo* vendió en los días 3 y 4 de julio de 1901 cerca de veinte mil ejemplares, algo inusitado en la época. Cuando en 1904 los medios de comunicación dejaron de ocuparse ellas, se les pierde la pista, como si Elisa y Marcela hubieran desaparecido de la historia.

Aunque siempre se ha perseguido a quienes sueñan y a quienes son felices, estas maestras tuvieron el valor para enfrentarse consigo mismas, el valor de aceptar sus deseos y de luchar por sus sueños para no llevar una existencia hipócrita.

El profesor Narciso de Gabriel nos tiene acostumbrados a trabajos rigurosos, hechos sin ruido y sin prisa, estudios demorados, investigaciones a las que dedica el tiempo que cada proyecto le demanda. Así lo hizo, por ejemplo, en *Escolantes e escolas de ferrado* (2001), en *Ler e escribir en Galicia* (2006), o en una investigación particularmente cargada de valores éticos, origen del brillante artículo publicado en el año 2000 en esta misma revista: «Arximiro Rico. Vida e morte dun mestre republicano», y, ahora, con *Elisa e Marcela, Alén dos homes* (Nigratrea, 2008) ha demostrado que es posible esperar quince años para